



PEZA DO MES


MARZO 2019

A cargo de **Patricia Árias Chachero**



A Fundación Otero Pedrayo

é unha entidade privada dedicada á custodia e potenciación da memoria do intelectual ourensán, figura central da Xeración Nós e da cultura galega ata a súa morte en 1976; así como á conservación e posta á disposición pública do Pazo Museo sito na Casa grande de Cima de Vila en Trasalba, lugar central na vida e obra do autor.



FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO
Pazo Museo Otero Pedrayo
Casa Grande de Cimadevila.
Trasalba - Amoeiro. 32170 (Ourense)
42021'51,6"N 7058'6"W

email: info@fundacionoteroedrayo.gal
Tel. 988 28 11 39 / 616 743 166
fundacionoteroedrayo.org



HORARIO DE APERTURA REGULAR

Verán (maio a setembro): xoves a domingo, mañá de 11 a 14, tarde de 17 a 20 h.
Inverno (outubro a abril): xoves a domingo, mañá de 11 a 14, tarde de 16 a 19 h.
(Visitas de grupo e fóra deste horario, concertar nos teléfonos ou no correo da Fundación)



A sela de montar de Enrique Otero Sotelo

*Rodríguez y Romay Fotografos
Lugo, 1876*



A sela de montar de Enrique Otero Sotelo

Patricia Árias Chachero

Esta é a sela de montar de Enrique Otero Sotelo, o pai de Ramón Otero Pedrayo. Din os afeccionados á equitación¹ que se trata dunha antiga sela española vaqueira ou campeira, pensada para dar longos paseos e para pasar horas sobre o cabalo. Inda que lle faltan os estribos, probablemente darían bo apoio ao pé e permitirían que as pernas fosen bastante estiradas, descansadas, evitando lesións. As amplas saias de coiro que ten nos laterais, procuraban evitar que as pernas rozasen os costados do animal e que a suor do cabalo molestase ao xinete. O tamaño da sela, bastante grande, non só estaba pensado para a comodidade do xinete, senón para repartir o seu peso sobre o lombo do animal.

Pola parte traseira, a sela ten unha especie de arreos, a baticola; unha correa, suxeita ao fuste traseiro da sela, que remata nunha sorte de ollal por onde entraba a cola do animal coa función de que a sela non se desprazase cara adiante. Na parte dianteira, podemos ver un pequeno borrén, esa especie de almofadiña cuberta de coiro que semella un volante. Se o borrén tivese recortada a parte dianteira poderíamos pensar que se trata dunha sela de paseo; como non é así, inclinámonos por pensar que se trata dunha sela pensada para cabalgar durante espazos de tempo prolongados.

Todo isto cadra perfectamente coa profesión do seu propietario; un médico rural, como os que describiron Kafka, Balzac ou Dickens. Un médico de aldea que, ao igual que Charles Bovary, o protagonista masculino da coñecida novela de Flaubert: “galopaba con chuvia ou neve por camiños accidentados”, para chegar ás casas dos enfermos. Lembremos que o cabalo era, para os galegos do XIX, un medio de transporte lixeiro, que permitía manobrar con facilidade e que rematará converténdose en todo un símbolo da súa actividade asistencial. Así o contou,

moitos anos despois, o magnífico escritor que foi don Ramón (1997: 14):

Sempre rodeado pola alegría e polo agradecemento dos paisanos dicíanlle os vellos labregos:

—Don Enrique, usté cuando o chamemos, cruce dereito todo. Non teña... Métase polo medio dos sembrados, métase polo medio das vides. Hai que chegar inmediatamente xunta o enfermo, a carón do enfermo.

Meu pai tiña ademais do amor ó paisano e o amor ó pobre.

Licenciado en 1871, con 22 anos, Enrique Otero logra que seu pai, Antonio Otero Sotelo, un militar de orixe lucense, liberal e defensor de Espartero, vise cumprido un vello soño: un fillo con estudos universitarios, preparado para recuperar o minguado patrimonio familiar e, ademais, respectado e querido na aldea. Un modelo que Otero Pedrayo recreou literariamente en moitas das súas novelas. Lembremos que Paio Soutelo, o fillo de Antonio Sotelo e Rosalía Puga nas páxinas de *Os camiños da vida*, está claramente inspirado no doutor Otero. Ambos son fillos de militares, viven na rúa de Mazarelos mentres estudan medicina en Compostela; os dous son alumnos de Maximino Teixeira e Timoteo Sánchez Freire, teñen amigos que se chaman Antonio Fuentes e Aviñoá e participan das actividades de loxas masónicas.

Cos estudos rematados, en 1872, Enrique Otero logra un praza como médico interino nas augas do Carballiño e Partovia, a poucos quilómetros de Trasalba. Era, segundo o seu fillo (1963: 432):

Joven, sencillo, en su fino caballo, el médico llega con una sonrisa y un íntimo deseo de acertar a todas partes. Silvando una canción se levanta en la alta noche y cabalga tres horas para romper un tumor

doloroso o sondar a un pobre viejo, víctima del mal de piedra

Inda que ao principio consultou en Ourense, a onde tamén chegaba galopando e onde curou dun tifo perigoso a Gabino Bugallal, moi pronto limitouse a facelo en Trasalba. O balcón e o despacho da fermosa casa que a familia materna tiña nesta aldea da bocarribeira ourensá, convértense nun punto de encontro para os veciños da contorna (Otero Pedrayo 1979:19):

Naquel corredor o pai consultaba a moitos doentes: homiños con frebe, mulleres con bocio, nenos, de dúas ou tres parroquias. O pai tratábaos a todos con moito agasallo, coidaba de indicarlles remedios caseños pra que non gastaran demáis na botica. E como non cobraba un ichavo, a xente camiñaba ceibando polo patio un rosario e xaculatoria de benzóns.

Cazador avezado e lector entusiasta de Espronceda, de Chateaubriand e de Víctor Hugo, o fillo admira nel o cabelo negro rizado, os seus lentes de ouro, estreitiños e dourados e a bondade natural que o obrigaba a saír da casa cada vez que o reclamaban (Otero Pedrayo 1963: 433):

Tenía dos y tres caballos. A veces llegaba muy tarde y desde temprano los lamentables y quejumbrosos enfermos llenaban el patio de labranza

Cando o pai comeza a sentirse enfermo, Ramón Otero Pedrayo ten 11 ou 12 anos. Pronto, retírase da práctica médica. A comuñón co seu cabalo é tal que o seu fillo nas súas memorias dirá:

Gardaba seu derradeiro cabalo de médico. Chamábase “Petís”. Era vello e pedrés. Eu albiscaba no seu ollar un amor orballado de agradecemento e tristura por meu pái. Seu tempo baril, ledro, heróico de médico decorre dendo o mesmo 71 en que se “recibiu” como se dicían entón, deica o 99 ou 900 [...] Tiña dous cabalos e sempre un criado que o chamaba cando chamaban no portón.

Enrique Otero Sotelo faleceu en 1904, cando inda non cumprira os 55 anos. O seu fillo, un mozo de 16, sentíase atraído pola carreira médica, pero tíñalle escoitado demasiadas veces ao seu proxenitor aquilo de (Otero Pedrayo 1997: 12): “Non estudies medicina. Faite catedrático. Os catedráticos son os frades do século XIX. Os frades do século XX”.

Estudou Xeografía e Historia e foi, como é sabido, un docente sabio e xeneroso. Como escritor, non se resistiu á práctica médica: escribiu unha coidada biografía de Varela de Montes, impartiu numerosas conferencias sobre o tema e fixo, como vimos, que algúns dos seus personaxes literarios fosen médicos comprometidos e humanitarios.



BIBLIOGRAFÍA CITADA

Otero Pedrayo, Ramón (1963) “Un médico rural de Galicia en el último tercio del siglo XIX. Esquemas y vivencias”, *Actas del I Congreso Español de Historia de la Medicina*, Madrid-Toledo, 15-17 abril, pp. 431-433. (1979) *A historia de un neno*, Trasalba, Patronato R. Otero Pedrayo. (1997) *Lembranzas de médicos galegos vistos por un profano. Homenaxe da Academia Médico-Cirúrxica*. Colexio Médico de Ourense, As nosas voces, 14, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

¹ Agradezo a información a Lucía Pereiro Romero e a Francisco Puga.